

REGULAMENTO VII RUTA RÍO ULLA BTT

-

1.-O Concello de Touro (en adiante O Concello), organiza a **VII Ruta Río Ulla en BTT de Touro** que terá lugar o sábado 18 de xuño de 2016, cun percorrido de

- Ruta curta: 29 km. De dificultade Media.

- Ruta Longa: 40,5 km. de dificultade Media-Alta.

A mesma será de carácter non competitivo.

A saída terá lugar ás 16 horas de diante da Casa do Concello.

Aqueles participantes que ás 18:30 horas non pasaran polo punto de avituallamento situado no km. 22 do percorrido, serán desviados pola ruta curta, co fin de que o remate da mesma non se demore demasiado.

2.- Poderán participar na ruta todas aquelas persoas, maiores de idade, que realizaran axeitadamente o proceso de inscrición.

3.- O prazo de inscrición finalizará o día 13 de xuño ás 23:00 horas. A inscrición farase efectiva na páxina web da empresa que se contrate para tal evento.

A idade mínima para participar é de 16 anos.

Todo menor de idade deberá presentar unha autorización do seu titor legal para poder participar no evento. O titor estará presente na entrega do dorsal para firmar a autorización. Cada participante é responsable da súa condición física e psíquica para participar na marcha BTT.

Non se admitirán inscricións o mesmo día da proba.

A cuota de inscrición, é de 6 €.

A inscrición dará dereito á participación na proba, e incluírá os avituallamentos e obsequios que se entreguen.

Só serán considerados participantes, aqueles que realizaran a inscrición correctamente e leven o dorsal visible en todo momento. O devandito dorsal será facilitado pola organización.

Establécese un máximo de participantes de 350.

4.- Cada participante é responsable de portar o correcto equipo para a práctica da actividade, así coma de levar os elementos necesarios (ferramentas e recambios), para subsanar problemas mecánicos que puideran ter lugar no transcurso da marcha.

O Concello non facilitará aos participantes asistencia mecánica, aqueles participantes que sufran una avería que lles impida continuar, deberán chamar o teléfono facilitado pola organización e que se reflexará no dorsal, onde lles indicaran o lugar de recollida máis cercano, ou ben dirixirse a un

dos puntos de control da proba, para ser recollidos.

Existirá igualmente un servizo de lavado de bicicletas gratuíto ao final da proba.

5.- A concentración e entrega de dorsais terá lugar a partir das 14:45 horas, do día 18 de xuño de 2016 no Concello de Touro, sito en Fonte Díaz. A saída efectuarase ás 16:00 horas, sendo as 19:00 horas a hora prevista de chegada para os primeiros participantes. A recollida de dorsais farase de xeito individual, presentando DNI. No caso de ser menor de idade é necesario ademais de presentar o D.N.I, UNHA AUTORIZACIÓN DO TITOR LEGAL DO MENOR.

6.- O emprego do casco homologado para o ciclismo de montaña é obrigatorio e non levalo implica a retirada do dorsal e da marcha. Recoméndase a utilización de roupa deportiva axeitada. Todo ciclista participante deberá permanecer dentro do circuíto da proba e atender ás instrucións da Organización. Asimesmo, os participantes, autorizan a facer uso das fotografías do evento nos diversos medios nos que pudiesen aparecer, xa sexan en soporte dixital ou texto escrito.

7.- O percorrido da proba transcorre na súa maior parte por camiños rurais e forestais do Concello de Touro, existindo cruces con tramos de estradas, que se atopan abertos ao tráfico para outros usuarios polo que se deberá extremar a precaución por parte dos participantes, respectando as normas de circulación contidas na Lei de Seguridade Vial e no Regulamento Xeral de Circulación.

8.- Todos os participantes deben respectar o entorno por onde transcorre a proba, quedando terminantemente prohibido tirar lixo en todo o recorrido a excepción dos contedores situados nos puntos de avituallamento.

9.- A Organización preveu avituallamentos suficientes, tanto sólidos como líquidos, para realizar o percorrido convenientemente.

10.- En todo momento respectaranse e obedeceranse as ordes e directrices do director da marcha, non sobrepasando en ningún momento ó vehículo que abre a mesma, o cal será obxecto de descalificación inmediata.

11.- Todos os participantes, contarán cun seguro de accidentes durante o desenvolvemento da ruta. A Organización contará con servizo médico e de ambulancia, a disposición dos participantes, ao igual que dun Seguro de Responsabilidade Civil.

A organización non se fai responsable dos posibles accidentes que poidan ocorrer no caso de imprudencias ou negligencias dos participantes, ou por non seguir as normas da proba, non facéndose responsable de ningún accidente nin gastos fora desta cobertura, debendo entenderse que os participantes inscritos asumen e coñecen os riscos do BTT, e que deben atender sempre as recomendacións e indicacións da organización.

12.- A organización resérvase o dereito de modificar parcial o totalmente o contido deste regulamento, cando por algún motivo, o estime oportuno.

13.- O feito de inscribirse na marcha BTT, supón a aceptación do presente regulamento e a renuncia a todos os dereitos contra a organización derivados dos danos que se poidan ocasionar na mesma.

14.- A organización poderá modificar o percorrido debido a causas meteorolóxicas adversas.

Se causas de forza maior impidisen a celebración da marcha, a organización non devolverá o importe da inscrición, aprazando a ruta para unha nova data.

En ningún caso se devolverá o importe aos participantes, que por diversas causas, non poidan asistir.